

As escritoras e os escritores galegos chantamos hoxe a pedra do escritor en Castro de Ribeiras de Lea, terra de tan fermoso nome, ao escritor Xabier Puente DoCampo; chantamos a pedra da memoria e convocamos a todos e todas os que coas súas maos e o seu sagrado soñar fundaron esta terra e tallaron a pedra dura coa representación dos seus pensamentos. Convocamos os avós dos avós que nos precederon e escriberon na pedra marcas indelébeis, mensaxes capaces de atravesar os séculos cos seus ciclos da vida para nos traer a mensaxe de que Somos un pobo que creou unha historia, que humanizou unha terra na que desenvolveu unha cultura cun idioma propio.

Tallamos a pedra e insculpimos esta carta de amor de Xabier Puente DoCampo para que a chama da súa fértil palabra prolongue o alento deste idioma que dá forma á nosa arxila. Si, quizais a súa escrita de toda unha vida foi unha preparación para a escrita deste fermoso poema de amor á terra e o seu tremer humano, aos que o amaron e aman con paxaros cheos de luz.

Nel sentímonos todos abrazados.

Insculpimos a marca coma canteiros do románico que tallaron na pedra o labirinto que habita nas pedras que os habitantes deste lugar consagraron, non para ser fría arqueoloxía senón pensamento mediador entre o que ollaban e o que só sentían ou soñaban.

Diciános Luís Seoane:

*Alguén, sen arrepiarse
coidadoso de honrar aos mortos
non sabemos quen
con seguranza aínda non nacido
fará memoria.
Herdará no seu sangue o recordo
e oferecerá
nos petos das ánimas
un novo amor á liberdade.*

Dende ese amor sempre novo, chantamos hoxe a pedra do escritor para crear un territorio de tenrura que a caligrafía dos rielos e regatos da chaira conteñen até se converter nos ríos vagarosos da Terra Cha.

As letras insculpidas na pedra severa, o trazo indelébel do poema gravan a íntima substancia da que está feita a palabra infancia, madurez, todo é tempo morno de primavera que será tamén luz do outono. El dálle á pedra dura a memoria da luz desta terra cos seus ceos próximos e veloces.

A pedra do escritor que chantamos nesta terra amada, nesta terra mater amorosa que abraza a pedra inerte para descenda sobre ela a memoria antiga dos deuses de a diario do lugar, a súa voz firme e alta sempre nova ou o rumor do canto da terra sempre viva, as voces dos ausentes ou dos que xa non están mais están as súas amorosas sombras protectoras.

A árbore do escritor, a cerdeira, a raíz submesa da árbore na terra fértil, a cerdeira que acollerá o canto do merlo e as claras voces dos rapaces que á súa sombra lean os libros de

Xabier para entrar da mao do seu soñar á terra nosa e ao home, ás súas preguntas, e aínda que non nos pode dicir nunca onde imos, si nos pode dicir onde estamos, de que barro orixinal fomos feitos os galegos.

Chantamos na túa terra, tamén nosa, esta fermosa carta de amor que escribes e a pedra sostén para honrar os bos e xenerosos.

*Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Castro de Ribeiras de Lea, a 21 de xuño de 2014*